Epígrafe B. Bens e dereitos afectos a actividades empresariais e profesionais.

Na epígrafe B₁ relacionaranse todos os bens e dereitos afectos á actividade, agás os inmobles, que se detallarán na epígrafe B₂ os rústicos e no B₃ os urbanos. Non obstante, incluíranse na epígrafe B₁ os bens inmobles que formen parte do activo circulante de actividades empresariais, o obxecto das cales sexa a construción ou a promoción inmobiliaria.

Na epígrafe B₄ relacionaranse as débedas afectas á actividade empresarial ou profesional.

PÁXINA 5**Epígrafe C. Depósitos en conta corrente ou de aforro, á vista ou a prazo, contas financeiras e outros tipos de imposicións en conta.**

Respecto de cada unha das contas, depósitos ou imposicións de que o causante fose titular consignárase a entidade de depósito, o “código conta cliente” ou número das imposicións, e o valor na data do falecemento.

PÁXINA 6**Epígrafe D. Valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios.**

Relacionaranse todos os valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios dos cales o causante fose titular, consignando na columna nº valores ou número de cada clase de valor.

Na epígrafe D₁ recolleranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados. Na epígrafe D₂, os non negociados.

PÁXINA 7**Epígrafe E. Valores representativos da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade.**

Deben incluírse as accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de sociedades, fondos de investimento ou doutras entidades xurídicas, consignando na columna nº valores o número de cada clase de títulos.

Na epígrafe E₁ recolleranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados. Na epígrafe E₂, os non negociados.

PÁXINA 8**Epígrafe F. Xoias, peles de carácter suntuario, vehículos, embarcacións, aeronaves, obxectos de arte e antigüidades.**

Debe incluírse o valor real das xoias, peles de carácter suntuario, automóbiles, vehículos de dous ou tres rodas, embarcacións de recreo ou deportes náuticos, veleiros, avións, avionetas e demais aeronaves.

Epígrafe G. Demais bens e dereitos de contido económico.

Consignaranse nesta epígrafe os bens e dereitos non incluídos nas epígrafes anteriores, como por exemplo haberes devengados e non percibidos, opcións contractuais, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial non afectos a actividades económicas, empréstitos concedidos ou outros.

En particular, consignárase o dereito á percepción das cantidades que, calquera que sexa a súa denominación, entreguen as empresas aos familiares de membros ou empregados falecidos, sempre que non estea disposta expresamente a súa tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Así mesmo, incluíranse as indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas ás persoas herdeiras dos afectados da síndrome tóxica e as prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo percibidas polos herdeiros.

Total valor bens e dereitos. Recadro 01.

Faga constar no recadro 01 o resultado de sumar os importes consignados nos recadros A a G.

Epígrafe H. Bens adicionais á masa hereditaria. Recadro 02.

Esta epígrafe está reservada para incluír os bens que, sen ser de titularidade do causante na data do falecemento, procedería sumar á masa hereditaria.

Columna Clave de adición. Consigne algunha das seguintes claves:

- A1. Bens e dereitos adicionais por pertencer ao causante ata o ano anterior ao falecemento, salvo proba en contrario. Esta adición afectará a todos os habentes causa na mesma proporción, salvo que

fidedignamente se acredite a transmisión a algunha persoa en particular; en tal caso só afectará esta, que asumirá a condición de herdeiro para efectos fiscais.

- A2. Bens e dereitos adicionais por adquirilos en usufruto e a título oneroso o causante, e en núa propiedade un herdeiro, legatario, parente dentro do terceiro grao ou cónxuxe de calquera deles ou do causante, nos tres anos anteriores ao falecemento. Esta adición afectará exclusivamente o adquirente da núa propiedade, ao cal se liquidará pola transmisión mortis causa do pleno dominio.
- A3. Bens e dereitos adicionais por ser transmitidos polo causante a título oneroso durante os catro anos anteriores ao seu falecemento, reservándose este o usufruto ou outro dereito vitalicio, salvo cando se trate dun contrato de renda vitalicia asinado cunha entidade dedicada legalmente a este xénero de operacións. Esta adición afectará exclusivamente o adquirente da núa propiedade, ao que se liquidará pola transmisión mortis causa do pleno dominio.
- A4. Valores e efectos depositados dos cales os xustificantes se endosasen, se con anterioridade ao falecemento do endosante non se retirasen aqueles ou tomada razón do endoso nos libros do depositario, e os valores nominativos que fosen igualmente obxecto de endoso, se a transferencia non se fixese constar nos libros da entidade emisora con antelación ao falecemento do causante, salvo proba en contrario. Esta adición afectará exclusivamente o endosatario dos valores.

Exclusión das adicións: non se practicarán as adicións cando o satisfeito polo Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados sexa superior ao que correspondería pagar polo imposto sobre sucesións. De ser inferior, procede a adición, pero o suxeito pasivo ten dereito a que se lle deduza da liquidación practicada polo imposto sobre sucesións o satisfeito polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

PÁXINA 9

Epígrafe I. Exencións. Recadro 03.

Dá dereito a este tipo de exención a adquisición dos seguintes bens, para os cales se utilizarán as seguintes claves, que se consignarán na columna clave de exención:

- X1. Bonos de caixa dos bancos industriais ou de negocios.
- X2. Predios rústicos ou explotacións agrarias nos supostos previstos nos artigos 10.1º e 20.1º da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias (artigo 10.1º, adquisición de terreos que permita completar baixo un só linde superficie abonda para constituír unha explotación prioritaria; artigo 20.1º, adquisición por agricultor novo ou asalariado agrario).

As exencións correspondentes a seguros de vida reflectiranse na súa epígrafe específico.

Epígrafe J. Enxoval doméstico. Recadro 05.

O enxoval doméstico forma parte da masa hereditaria e valorarase no 3 por 100 do importe do patrimonio sucesorio do causante (valor calculado), salvo que os interesados asignen a este enxoval un valor superior, ou proben fidedignamente a súa inexistencia, ou que o seu valor é inferior ao que resulte da aplicación da referida porcentaxe (valor estimado). O valor calculado do enxoval doméstico minorarase no dos bens que por disposición do artigo 1.321 do Código civil ou disposicións de dereito civil, foral ou especial deben entregarse ao cónxuxe sobrevivente, o valor do cal se fixará no 3 por 100 do valor catastral da vivenda habitual do matrimonio.

En **Valor estimado**, consigne o valor do enxoval doméstico conforme a estimación efectuada polos interesados. (Recadro ve).

En **Valor calculado** proceda do seguinte xeito:

- Recadro a. Consigne o valor do patrimonio sucesorio, é dicir, traslade aquí o importe resultante de restar o recadro 01 a 07.
- Recadro b. Consigne o resultado de aplicar o 3 por 100 ao patrimonio sucesorio, é dicir, á cantidade consignada no recadro a anterior.

- Recadro **c**. Consigne o valor catastral da vivenda habitual do matrimonio, en caso de que exista cónxuxe supervivente.
- Recadro **d**. Farase constar o resultado de aplicar o 3 por 100 ao valor consignado no recadro **c** anterior.
- Recadro **vc**. Consigne, no seu caso, a diferenza entre os importes relacionados nos recadros **b** e **d**.
- Recadro **05. Valor enxoval doméstico**. Consigne a cantidade que proceda, entre o valor estimado (recadro **ve**) e o total valor calculado (recadro **vc**), tendo en conta que o valor do enxoval doméstico será o valor calculado salvo que os interesados asignen a este enxoval un valor superior, ou proben fidedignamente a súa inexistencia ou que o seu valor é inferior ao calculado.

Epígrafe K. Cargas e gravames deducibles. Recadro 07.

Unicamente serán deducibles as cargas ou gravames de natureza perpetua, temporal ou redimible que aparezan directamente establecidos sobre os bens e diminúan realmente o seu capital e valor, como os censos e as pensións, sen que merezan tal consideración as que constitúan obriga persoal do adquirente nin as que, como as hipotecas e as garantías, non supoñan diminución do valor do transmitido, sen prexuízo de que as débedas que garantan poidan ser deducidas se concorren os requisitos establecidos para as débedas deducibles.

Cando non constase expresamente a duración das pensións, cargas ou gravames deducibles, considerase ilimitada.

Entenderase como valor do censo o do capital que deba entregarse para o seu redención segundo as normas do Código civil ou das lexislacións forais. O valor das pensións obterase capitalizándoas ao tipo de xuro legal do diñeiro determinado na Lei de orzamentos xerais do Estado, e tomando do capital resultante aquela parte que, segundo as regras establecidas para valorar os usufrutos, corresponda á idade do pensionista, se a pensión é vitalicia, ou a duración da pensión, se é temporal.

Epígrafe L. Débedas deducibles. Recadro 08.

Poderán deducirse, con carácter xeral, as débedas que deixase contraídas o causante da sucesión sempre que a súa existencia se acredite por documento público, ou por documento privado que reúna os requisitos do artigo 1227 do Código civil ou se xustifique doutro modo a existencia daquelas, salvo as que o fosen a favor dos herdeiros ou dos legatarios de parte alícuota e dos cónxuxes, ascendentes, descendentes ou irmáns daqueles, aínda que renuncien á herdanza. A Administración poderá exixir que os herdeiros ratifiquen a débeda en documento público, coa comparecencia do acredor.

En especial, serán deducibles as cantidades que deba o causante por razón de tributos do Estado, de comunidades autónomas ou de corporacións locais ou por débedas da Seguridade Social e que as satisfagan os herdeiros, testamenteiros ou administradores da masa hereditaria, aínda que correspondan a liquidacións xiradas despois do falecemento.

PÁXINA 10

Epígrafe M. Gastos deducibles. Recadro 09.

Serán deducibles da masa hereditaria:

- a) Os gastos que, cando a testamentaría ou o ab intestato adquiran carácter litixioso, se ocasionen no litixio en interese común de todos os herdeiros pola representación lexítima das devanditas testamentarías ou ab intestato, sempre que resulten debidamente probados con testemuño dos autos; e os de arbitraje, nas mesmas condicións, acreditados por testemuño das actuacións.
- b) Os gastos de última enfermidade satisfeitos polos herdeiros, en canto se xustifiquen.
- c) Os gastos de enterro e funeral en canto se xustifiquen e ata onde garden a debida proporción coa masa hereditaria, conforme os usos e costumes de cada localidade.

Non serán deducibles os gastos que teñan a súa causa na administración do patrimonio sucesorio.

Masa hereditaria neta. Recadro 11.

Como masa hereditaria neta (recadro 11) farase constar o resultado de minorar o total valor bens e dereitos (recadro 01), bens adicionais (recadro 02) e enxoval doméstico (recadro 05), no importe das exencións (recadro 03) e deducións (recadros 07, 08 e 09). É dicir, $11 = 01 + 02 - 03 + 05 - 07 - 08 - 09$.

Epígrafe N. Relación de bens e dereitos legados ou atribuídos singularmente polo suxeito pasivo a determinados habentes causa. Recadro 12.

Esta epígrafe ten por obxecto recoller os bens e dereitos atribuídos especificamente polo testador a persoas determinadas, que normalmente haberán de deducirse da masa hereditaria neta para determinar a masa hereditaria para repartir, aínda que, nese caso, poden implicar a repartición de toda a masa.

En **descripción do legado** describiranse sucintamente os bens e dereitos legados, con referencia á epígrafe da declaración e ao número de orde en que se fixo figurar o ben ou dereito.

En **valor neto** farase constar o valor do ben menos as cargas que puidesen recaer sobre el ou as débedas garantidas con el e que asumirá o legatario. Para o caso do legado de bens, que non o sexan en pleno dominio, e para os efectos do cálculo numérico, teranse en conta as regras de valoración definidas na epígrafe das instrucións do modelo 650 correspondente á **PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL-AUTOLIQUIDACIÓN**.

PÁXINA 11**Epígrafe O. Percepcións de contratos de seguro de vida. Recadro 21.**

Consignaranse as cantidades percibidas polo beneficiario, así como os demais datos solicitados que fan referencia á póliza subscrita. Se se trata de rendas temporais ou vitalicias, consignarase o valor actual.

Só se sumará no recadro 21 o importe dos seguros non exentos.

Epígrafe P. Doazóns e apartacións acumulables. Recadro 22.

No caso de falecemento do doador, acumúlase á base da herdanza o valor das doazóns realizadas polo causante nos catro anos anteriores ao falecemento e o das apartacións en todo caso.

Epígrafe Q. Solicitude de reducións non aplicables de oficio.

Sinalarase nesta epígrafe o importe de todas as reducións que os suxeitos pasivos queren solicitar. O suxeito pasivo deberá computar no recadro correspondente do modelo 650 de autoliquidación o importe de todas elas.

Redución do 99 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades sitas en Galicia.

Nos casos en que na base imponible dunha adquisición mortis causa estivese incluído o valor dunha empresa individual ou dun negocio profesional, ou de participacións en entidades ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que o centro de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade se atope situado en Galicia, e se manteña durante os cinco anos seguintes á data de xeración do imposto.
- b) Que na data da xeración do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no número 8º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:
 - Con carácter xeral do 50 por 100 como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.
 - Do 5 por 100 computado de forma individual, ou do 20 por 100 conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, xa teña a súa orixe o parentesco

na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 108 do Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre sociedades.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no número 8º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución.

c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.

d) Que o adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á xeración do imposto, de acordo co establecido nos puntos anteriores deste artigo, salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou transmitise a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

e) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á xeración do imposto.

Redución do 95 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades.

Aplícase esta redución, nun importe do 95 por 100 da parte atribuíble ao suxeito pasivo, á adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades ou dereitos de usufruto que recaian sobre eles aos cales lles sexa aplicable a exención do número 8º do artigo 4 da Lei do imposto sobre o patrimonio cando a transmisión se faga a favor de cónxuxes, descendentes ou adoptados ou, cando estes últimos non existan, a favor de ascendentes, adoptantes e colaterais do falecido ata o terceiro grao. A adquisición deberá manterse durante os dez anos seguintes ao falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro deste prazo. No caso de non se cumprir o requisito de permanencia, deberá pagarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada, e os xuros de mora, mediante a presentación de declaración complementaria.

Conforme o artigo 4 número 8º da Lei do imposto sobre o patrimonio, están exentos:

“Un. Os bens e dereitos das persoas físicas necesarios para o desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional, sempre que esta a exerza de forma habitual, persoal e directa o suxeito pasivo e constitúa a súa principal fonte de renda.

Para os efectos do cálculo da principal fonte de renda, non se computarán nin as remuneracións das funcións de dirección que se exerzan nas entidades a que se refire o número dous deste punto, nin calquera outra remuneración que traia a súa causa da participación nas devanditas entidades.

Tamén estarán exentos os bens e dereitos comúns a ambos os dous membros do matrimonio, cando se utilicen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional de calquera dos cónxuxes, sempre que se cumpran os requisitos do parágrafo anterior.

Dous. A plena propiedade, a propiedade núa e o dereito de usufruto vitalicio sobre as participacións en entidades, con ou sen cotización en mercados organizados, sempre que concorran as condicións seguintes:

a) Que a entidade, sexa ou non societaria, non teña por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario. Entenderase que unha entidade xestiona un patrimonio mobiliario ou inmobiliario e que, polo tanto, non realiza unha actividade económica cando concorran, durante máis de 90 días do exercicio social, calquera das condicións seguintes:

Que máis da metade do seu activo estea constituído por valores ou que máis da metade do seu activo non estea afecto a actividades económicas.

Para os efectos previstos nesta letra:

Para determinar se existe actividade económica ou se un elemento patrimonial se atopa afecto a ela, observarase o disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Tanto o valor do activo como o dos elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas será o que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflecta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

Para os efectos de determinar a parte do activo que está constituída por valores ou elementos patrimoniais non afectos:

1º Non se computarán os valores seguintes:

Os posuídos para dar cumprimento a obrigas legais e regulamentarias.

Os que incorporen dereitos de crédito nados de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades económicas.

Os posuídos por sociedades de valores como consecuencia do exercicio da actividade constitutiva do seu obxecto.

Os que outorguen, polo menos, o 5 por 100 dos dereitos de voto e se posúan coa finalidade de dirixir e xestionar a participación sempre que, para estes efectos, se dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais, e a entidade participada non estea comprendida nesta letra.

2º Non se computarán como valores nin como elementos non afectos a actividades económicas aqueles cuxo prezo de adquisición non supere o importe dos beneficios non distribuídos obtidos pola entidade, sempre que os devanditos beneficios proveñan da realización de actividades económicas, co límite do importe dos beneficios obtidos tanto no propio ano coma nos últimos 10 anos anteriores. Para estes efectos, asimílanse aos beneficios procedentes de actividades económicas os dividendos que procedan dos valores a que se refire o último inciso do parágrafo anterior, cando os ingresos obtidos pola entidade participada procedan, polo menos no 90 por 100, da realización de actividades económicas.

b) Que a participación do suxeito pasivo no capital da entidade sexa polo menos do 5 por 100 computado de forma individual, ou do 20 por 100 conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de segundo grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

c) Que o suxeito pasivo exerza efectivamente funcións de dirección na entidade, percibindo por iso unha remuneración que represente máis do 50 por 100 da totalidade dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

Para os efectos do cálculo anterior, non se computarán entre os rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal, os rendementos da actividade empresarial a que se refire o número un deste punto.

Cando a participación na entidade sexa conxunta con algunha ou algunhas persoas a que se refire a letra anterior, as funcións de dirección e as remuneracións derivadas desta deberán cumprirse polo menos nunha das persoas do grupo de parentesco, sen prexuízo de que todas elas teñan dereito á exención.

A exención só alcanzará o valor das participacións, determinado conforme as regras que se establecen no artigo 16. un desta lei, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade empresarial ou profesional, minorados no importe das débedas derivadas desta, e o valor do patrimonio neto da entidade, aplicando estas mesmas regras na valoración das participacións de entidades participadas para determinar o valor das da súa entidade posuidora.

Tres. Regulamentariamente determinaranse:

a) Os requisitos que deban concorrer para que sexa aplicable a exención en canto aos bens, dereitos e débedas necesarios para o desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional.

b) As condicións que deben reunir as participacións en entidades”.

O regulamento que desenvolve esta exención é o Real decreto 1704/1999, do 5 de novembro (BOE do 6 de novembro).

Pode consultarse a Resolución 2/1999, da Dirección Xeral de Tributos (BOE do 10 de abril) sobre a forma de aplicación desta redución.

Redución por adquisición de bens integrantes do patrimonio histórico ou cultural.

Cando na base imponible correspondente a unha adquisición mortis causa do cónxuxe, descendentes ou adoptados da persoa falecida, se inclúsen bens comprendidos nas epígrafes unha, dúas ou tres do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, en canto integrantes do patrimonio histórico español ou do patrimonio histórico ou cultural das comunidades autónomas, aplicarase, así mesmo, unha redución do 95 por 100 do seu valor, sempre que a adquisición se man-

teña durante os dez anos seguintes ao falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo.

Redución por adquisición da vivenda habitual do causante.

1. - Nas adquisicións da vivenda habitual do causante, cando os adquirentes sexan descendentes ou adoptados do causante, ascendentes ou adoptantes ou ben parente colateral por consanguinidade, practícase, por solicitude do suxeito pasivo, unha redución cun límite de 600.000 euros aplicando a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

Valor real do inmovible	Porcentaxe de redución
Ata 150.000,00 euros	99%
De 150.000,01 a 300.000,00 euros	97%
Máis de 300.000,00 euros	95%

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 por 100 do valor na base imponible cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de sesenta e cinco anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

2. - Os adquirentes deberán manter a vivenda adquirida durante os 5 anos seguintes á xeración do imposto salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou transmitise a vivenda en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

No caso de que se producise a venda da vivenda durante o indicado prazo, e a totalidade do seu importe se reinvesta na adquisición dunha vivenda situada en Galicia que constituía ou vaia constituír a vivenda habitual do adquirente, non se perderá a redución solicitada.

3. - Considerarase vivenda habitual, e reinvestimento en vivenda habitual, a que se axuste á definición e aos requisitos establecidos pola normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. - Cando por un mesmo transmitente se produza a transmisión de varias vivendas habituais nun ou en varios actos, por causa de morte ou por pactos sucesorios, unicamente se poderá practicar a redución por unha soa vivenda habitual.

Redución pola adquisición dunha explotación agraria situada en Galicia e de elementos afectos.

1. - Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estivese incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta, practícase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a adquisición lle corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.
- b) Que na data do devengo os adquirentes teñan a condición de agricultor profesional e sexan titulares dunha explotación agraria a que estean afectos os elementos que se transmiten.
- c) Que o adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes á xeración do imposto, agás que dentro do devandito prazo falecese o adquirente ou transmitise a explotación en virtude de pacto sucesorio segundo o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- d) Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á xeración do imposto.

2. - Cando na base imponible dunha adquisición "mortis causa" estivese incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practícase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.
- b) Que á data do devengo os adquirentes teñan a condición de agricultor profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas, e sexan titulares, ben dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que estean afectos os elementos que se transmiten.

c) Que o adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á xeración do imposto, salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou transmitise os elementos en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á xeración do imposto.

Se se deixasen de cumprir os requisitos de permanencia da adquisición ou do mantemento do centro de xestión ou, de ser o caso, o domicilio fiscal ou o dereito á exención no imposto sobre o patrimonio, deberá pagarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

Redución por adquisición dos supostos regulados na Lei 19/1995.

Consigne a porcentaxe de redución que se solicita:

90 por 100. Transmisión íntegra da explotación, realizada en favor ou polo titular doutra explotación agraria prioritaria (100 por 100 se o adquirente é un agricultor novo ou un asalariado agrario).

75 por 100. Transmisión parcial de explotacións e terreos rústicos en favor dun titular dunha explotación agraria prioritaria (85 por 100 se o adquirente é un agricultor novo ou un asalariado agrario).

50 por 100. Transmisión de terreos para completar baixo un só linde o 50 por 100 ou máis da superficie dunha explotación.

Resultan así mesmo aplicables as reducións por transmisión mortis causa de superficies rústicas de dedicación forestal reguladas na disposición adicional cuarta da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

Para acreditar as circunstancias anteriormente sinaladas será necesario presentar certificación expedida pola Consellería do Medio Rural.

Redución pola adquisición de terreos rústicos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estivese incluído o valor de terreos rústicos de dedicación forestal situados en terreos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos, e sempre que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes ou colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante, practícarase unha redución do 95 por 100 do mencionado valor.

Os adquirentes deberán de manter os terreos adquiridos durante os 5 anos seguintes á xeración do imposto salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou as transmitise en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

Para acreditar a inclusión dos terreos na Rede Galega de Espazos Protexidos e a súa dedicación forestal será necesario presentar certificación expedida pola Consellería de Medio Ambiente.

Incompatibilidade das reducións.


A redución do 99 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades situadas en Galicia, a redución do 99 por 100 por adquisición de explotacións agrarias ou de elementos dunha explotación agraria situadas en Galicia e a redución do 95 por 100 por adquisición de terreos rústicos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos serán incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coa aplicación da redución do 95 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades e coa redución por adquisición dos supostos regulados na Lei 19/1995. Aplicarase a que corresponda segundo a opción dos interesados.

Se se deixasen de cumprir os requisitos establecidos nas reducións, deberá pagarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

Redución por transmisión consecutiva mortis causa.

Consigne o importe do satisfeito previamente como cota tributaria polas transmisións mortis causa, cando uns mesmos bens fosen obxecto de dúas ou máis transmisións mortis causa en favor de descendentes ou adoptados nun período máximo de 10 anos, e se proceda a liquidar a segunda ou posteriores transmisións.

ANEXO II

Delegación da Consellería de Economía e Facenda de (1) Oficina liquidadora de	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA Dirección Xeral de Tributos	IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN AUTOLIQUIDACIÓN - SUCESIÓN	Modelo 650 EUROS
--	--	--	-------------------------------

Suxeito pasivo

Espazo reservado para numeración por código de barras

(2) Espazo reservado para a etiqueta identificativa

Devenido (3) Día Mes Ano

(4) Herdanza H Legado L (5) Liquidación parcial P
 Apartación T (6) Liquidación adicional A

(7) Data de nacemento (8) Parentesco

NIF 1.º apelido 2.º apelido Nome

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con.

Provincia Código postal (9) Grupo (10) Minusválido (11) Patrimonio preexistente

Causante (12)

NIF 1.º apelido 2.º apelido Nome Código postal

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con. Provincia

Representante (13)

Consigne os datos do representante. Se sobre esta epígrafe deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da dita representación. Dispón dun modelo na páxina web www.economiaefacenda.org

NIF 1.º apelido 2.º apelido Nome Código postal

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con. Provincia

Liquidación

CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Valor real de bens e dereitos.....	01	Acumulacións.....	22
Adición de bens	02	BASE LIQUIDABLE TEÓRICA	13
Exencións	03	COTA Ata.....	
TOTAL (01 + 02 - 03)	04	Resto..... ó.....%	
Enxoval doméstico	05	Total cota teórica	14
MASA HEREDITARIA NETA (04 + 05)	06	Tipo medio efect. gravame <input type="text"/> x 100	15
Cargas deducibles.....	07	13	
Débedas deducibles	08	COTA INTEGRAL (Tarifa ou 27 x 15)	30
Gastos deducibles.....	09	Tarifa: Ata.....	
TOTAL (07 + 08 + 09)	10	Resto..... ó.....%	
MASA HEREDITARIA NETA (06 - 10)	11	Coefficiente	31
Porción hereditaria individual	20	Cota tributaria (30 x 31)	32
Póliza de seguro	21	Deduc. exceso de cota (art. 22.1º)	33
BASE IMPOÑIBLE (20 + 21)	23	COTA TRIBUTARIA AXUSTADA (32 - 33)	34
REDUCIÓN		Deducción por parentesco	TOTAL (41 - 35 - 36)
Empresa individual ou negocio profesional	24.a	Cota líquida	37.a
Participacións en entidades	24.b	Deducción dobre imposición internacional	37.b
Adq. Bens Patri. Histórico ou cultural	24.c	Deducción cotas anteriores	Total (37.a + 37.b)
Adq. vivenda habitual do causante	24.d	BASE LIQUIDABLE (23 - 24 - 25 - 26)	37
Adq. explotación agraria e elem. afectos	24.e	TOTAL PARA INGRESAR (42+37)	38
Adq. terreos rústicos Rede Galega Esp. Prot	24.f	IMPORTE INGRESADO	I
Total no aplicables de oficio	24		
	27		

Para cubrir soamente nos supostos de acumulacións, adquisición da núa propiedade e/ou extinción do usufruto (art. 30 da Lei e 51.2º do Regulamento).

Data e sinatura

O suxeito pasivo ou o seu representante declara, baixo a súa responsabilidade, que, xunto co documento orixinal, presenta unha copia simple que coincide en todos os seus termos cos daquel.

de _____ de _____

SINATURA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE


Ingreso

Selo: _____ Data: _____ Número: _____ Importe: _____

XUSTIFICANTE DO INGRESO NO TESOURO aprazamento/fraccionamento

Os contribuíntes, nas súas relacións coas administracións tributarias, gozan dos dereitos xerais definidos no artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como dos dereitos definidos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

[Exemplar para a Administración](#)
[Exemplar para o suxeito pasivo](#)
[Exemplar para a entidade colaboradora](#)



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Dirección Xeral de Tributos

**IMPOSTO SOBRE SUCESIONES
E DOAZÓNS**

AUTOLIQUIDACIÓN - SUCESIÓN

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O
MODELO**

Modelo 650



Modelo

650

EUROS

Imposto sobre sucesións
e doazóns

Autoliquidación - Sucesións

Instrucións para
cubrir o modelo

Cada habente-causa presentará unha autoliquidación (Modelo 650) e esta terá que referirse á totalidade dos bens e dereitos que adquira. A relación de bens e dereitos farase no modelo D 650 e presentárase unha soa relación por causante.

- (1). Consigne a delegación da Consellería de Economía e Facenda ou oficina liquidadora de distrito hipotecario na que se efectúe a presentación.
- (2). Consigne os datos do suxeito. Se dispón das etiquetas identificativas subministradas pola Consellería de Economía e Facenda pegue unha no espazo reservado para iso en cada un dos exemplares.
- (3). Consigne a data do devengo de acordo co establecido na páxina 4 das instrucións do modelo D650.
- (4, 5 e 6). Marque cun "X" o que proceda segundo o especificado nas páxinas 5 e 6 das instrucións do modelo D650 nas epígrafes "Título Sucesorio" e "Liquidación parcial ou complementaria".

As liquidacións parciais terán o carácter de ingresos á conta da liquidación definitiva que proceda pola sucesión hereditaria de que se trate. Cando se trate dunha liquidación parcial, se liquide un legado ou a extinción dun usufruto non será necesario cubrir os recadros 01] a 11]

- (7). Consigne a data de nacemento do suxeito pasivo.
- (8). Consigne o parentesco do suxeito pasivo co transmitente ou causante.
- (9). Consigne o número do grupo en función do seguinte cadro:

Grupo 1: descendentes e adoptados, que sexan menores de 21 anos.
 Grupo 2: descendentes e adoptados de 21 ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.
 Grupo 3: colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade.
 Grupo 4: colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños.

- (10). Marque cun "X" se o suxeito pasivo ten a condición legal de persoa con minusvalidez física, psíquica ou sensorial. Para estes efectos, considéranse persoas con minusvalidez as que teñan a consideración legal de minusválido cun grao de diminución igual ou superior ao 33 por 100, de acordo co baremo a que se refire o artigo 148 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

O grao de minusvalidez deberá acreditarse mediante certificado ou resolución expedido polo órgano competente. En particular, considerárase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por 100 no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, considerárase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100, cando se trate de persoas as incapacidades das cales sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan recoñecidas polo órgano competente, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

- (11). Consigne en cifras a contía do patrimonio preexistente do suxeito pasivo, valorado na data do devengo do imposto sobre sucesións conforme as normas do imposto sobre o patrimonio e tendo en conta as regras do artigo 22.3 da Lei do imposto. Se non excede de 402.678,11 euros abondará con consignar a expresión "INFERIOR A 402.678,11".
- (12). Consigne os datos do causante ou transmitente.
- (13). Consigne os datos do representante.

01] - 02] - 03]. Trasládase a este cadro o importe que figura nos cadros 01], 02] e 03] respectivamente, do modelo D650.

04]. Consignarase o resultado da diferenza entre a suma dos recadros 01] e 02] e o recadro 03].

05]. Trasládase a este cadro o importe que figura no cadro 05] do modelo D650.

06]. Consigne o resultado de sumar os recadros 04] e 05].

07] - 08] - 09]. Trasládase a este cadro o importe que figura nos cadros 07], 08] e 09] respectivamente do modelo D650.

10]. Consignarase o resultado de sumar os recadros 07], 08] e 09].

11]. Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro 06] e o recadro 10].

20]. Consignarase a porción hereditaria que corresponda individualmente a cada suxeito pasivo ou, se é o caso, o legado ou a extinción do usufruto, segundo as disposicións testamentarias ou as regras ab intestato.

Conforme á regra definida no artigo 27 da Lei do imposto, calquera que sexa a participación e adjudicación que os interesados fagan, considérase para os efectos do imposto como se se fixesen con estrita igualdade e conforme ás regras reguladoras da sucesión.

Para a valoración da núa propiedade, os dereitos de usufruto ou os dereitos de uso teranse en conta as seguintes regras:

- Valoración do dereito de usufruto temporal: será proporcional ao valor dos bens sobre os que recae, en razón do 2 por 100 por cada período dun ano, sen exceder do 70 por 100.
- Valoración do dereito de usufruto vitalicio: será igual ao 70 por 100 do valor total dos bens cando o usufructuario teña menos de 20 anos. Tal porcentaxe minorarase a medida que aumente a idade, na proporción dun 1 por 100 menos por cada ano máis, co límite mínimo do 10 por 100 do valor total.
- Valoración dos dereitos de uso e habitación: o seu valor é o que resulte de aplicar ao 75 por 100 do valor dos bens sobre os que foron impostos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios, segundo os casos.
- Valoración da núa propiedade: computarase pola diferenza entre o valor do usufruto e o do valor do pleno dominio dos bens.

21]. Consignarase as cantidades percibidas polo suxeito pasivo como beneficiario de contratos de seguros de vida, de acordo coa atribución por suxeito pasivo que se fixo na páxina 11 do modelo D650, epígrafe O₁. Non se farán constar os seguros exentos.

- 22.** Consignaranse aqueles bens e dereitos que non formando parte da masa hereditaria deban acumularse aos efectos do imposto sobre sucesións, de acordo coa atribución por suxeito pasivo que se fixo na páxina 11 de modelo D650, epígrafe P.
- 23.** Consignarase o resultado de sumar os recadros **20** e **21**.
- 24.** Consignarase o importe da suma de todas as reducións que os suxeitos pasivos queren solicitar.
- 24.a.** Redución por empresa individual ou negocio profesional.
- 24.b.** Redución por participacións en entidades.
- 24.c.** Redución por adquisición de bens integrantes do Patrimonio Histórico ou Cultural.
- 24.d.** Redución por adquisición da vivenda habitual do causante.
- 24.e.** Redución pola adquisición dunha explotación agraria e de elementos afectos e as establecidas na Lei 19/1995.
- 24.f.** Redución pola adquisición de terreos rústicos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.
- Calquera outra redución á que se poida ter dereito distinta ás sinaladas incluírase directamente no recadro **24**.
- As reducións previstas no apartados a, b, e e f anteriores serán incompatibles para unha mesma adquisición entre si, polo que o contribuínte deberá optar por unhas ou outras.
- 25.** Consignarase a suma das reducións que correspondan nos supostos de seguros de vida e en función do grupo consignado na nota (9) e (10), así como outras de carácter persoal, que resulten aplicables, de acordo co seguinte:
- 25.a.** Redución do 100 por 100 cun límite de 9.195,49 euros, ás cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros sobre a vida, cando o parentesco co causante falecido sexa o cónxuxe, ascendente, descendente, adoptante ou adoptado. Nos seguros colectivos ou contratados polas empresas a favor dos seus empregados rexerá o grao de parentesco entre o asegurado falecido e o beneficiario.
- A redución será única por suxeito pasivo, calquera que fose o número de contratos de seguros de vida dos que sexa beneficiario e non será aplicable cando este teña dereito á establecida na disposición transitoria cuarta desta lei.
- 25.b.** Redución en función do grupo consignado na nota (9).
- Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de vinte e un anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de vinte e un que teña o habente-causa, cun límite de 1.500.000 euros.
- Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de vinte e un anos ou máis e menores de vinte e cinco, 900.000 euros menos 100.000 euros por cada ano maior de vinte e un ata vinte e catro; de vinte e cinco anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 18.000 euros.
- Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.
- Grupo IV: adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.
- 25.c.** Consignarase a suma doutras reducións de carácter persoal de acordo co sinalado a continuación: nas adquisicións polas persoas que teñan a consideración legal de persoas discapacitadas, cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por 100 e inferior ao 65 por 100, redución de 150.000 euros.
- Nas adquisicións por persoas pertencentes aos grupos I e II cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100, aplicarse unha redución do 100 por 100 da base imponible, sempre que o patrimonio preexistente do suxeito pasivo non exceda de 3.000.000 de euros.
- Nas adquisicións por persoas que acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100 e non teñan dereito á redución sinalada no parágrafo anterior, aplicarase unha redución de 300.000 euros.
- Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa se integren indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas aos herdeiros dos afectados pola síndrome tóxica ou prestacións públicas extraordinarias por acto de terrorismo percibidas polos herdeiros, practicarase unha redución do 99 por 100 sobre os importes percibidos.
- 26.** Consignaranse as cotas satisfeitas con anterioridade polo imposto sobre sucesións, cando uns mesmos bens nun período máximo de dez anos, foron obxecto de dous ou máis transmisións "mortis causa" a favor de descendentes (artigo 20.3º da lei).
- 27.** Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro **23** e a suma dos recadros **24**, **25** e **26**.
- Nos recadros reservados para a adquisición da núa propiedade, extinción do usufruto e acumulacións, procederase do seguinte xeito:
- 1.- Cando se adquira a núa propiedade, o adquirente consignará no recadro **13** o resultado de subtraer do valor íntegro dos bens, é dicir, do valor total dos bens sen ter en conta a porcentaxe que corresponda á núa propiedade, as reducións que lle correspondan polo seu parentesco co causante.
 - 2.- Cando se extinga o usufruto e se consolidase o dominio no primeiro nu propietario, non se consignará ningunha cantidade nos recadros **13** e **14**, unicamente se consignará no recadro **15** o tipo medio efectivo de gravame que resultou na adquisición da núa propiedade.
 - 3.- Cando existan bens e dereitos que non formando parte da masa hereditaria deban acumularse para os efectos do imposto sobre sucesións, tales como as doazóns a que se refire o artigo 30.2º da Lei do imposto, o adquirente consignará no recadro **13**, o resultado de subtraer do valor total da acumulación, é dicir, do valor total dos bens da sucesión máis o valor total dos bens que se acumulan, as reducións que lle correspondan polo seu parentesco co causante. Os bens e dereitos que se acumulan computaranse polo valor comprobado no seu día, aínda que variase no momento da acumulación.
 - 4.- Cando concorran nunha mesma sucesión, adquisición de núa propiedade e acumulacións, o valor total dos bens virá determinado polo disposto nos puntos 1 e 3 anteriores.
- A esta base teórica aplicarase a tarifa, e a cota resultante consignarase no recadro **14**, a continuación calcularase o tipo medio efectivo de gravame e consignarase este con inclusión ata de dous decimais no recadro **15**.
- 30.** No caso de que non se adquira a núa propiedade, non se extinga o usufruto ou non procedan acumulacións, aplique a tarifa que figura nos cadros seguintes tendo en conta o grupo en que estea incluído o suxeito pasivo, e consigne o resultado da suma das cantidades obtidas.

Se os suxeitos pasivos están incluídos nos grupos I e II da nota (9), aplicarase a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE - Ata euros	COTA ÍNTEGRA - Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE - Ata euros	TIPO APLICABLE - Porcentaxe
0,00	0,00	50.000	5
50.000	2.500	75.000	7
125.000	7.750	175.000	9
300.000	23.500	500.000	11
800.000	78.500	800.000	15
1.600.000	198.500	en diante	18

Se os suxeitos pasivos están incluídos nos grupos III e IV da nota (9), aplicarase a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE - Ata euros	COTA ÍNTEGRA - Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE - Ata euros	TIPO APLICABLE - Porcentaxe
0,00	0,00	7.993,46	7,65
7.993,46	611,50	7.987,45	8,50
15.980,91	1.290,43	7.987,45	9,35
23.968,36	2.037,26	7.987,45	10,20
31.955,81	2.851,98	7.987,45	11,05
39.943,26	3.734,59	7.987,46	11,90
47.930,72	4.685,10	7.987,45	12,75
55.918,17	5.703,50	7.987,45	13,60
63.905,62	6.789,79	7.987,45	14,45
71.893,07	7.943,98	7.987,45	15,30
79.880,52	9.166,06	39.877,15	16,15
119.757,67	15.606,22	39.877,16	18,70
159.634,83	23.063,25	79.754,30	21,25
239.389,13	40.011,04	159.388,41	25,50
398.777,54	80.655,08	398.777,54	29,75
797.555,08	199.291,40	en diante	34,00

No caso de que se adquira a núa propiedade, se extinga o usufruto, ou procedan acumulacións, consignarase neste recadro o resultado de multiplicar o importe que figura no recadro [27] pola porcentaxe que resulte no recadro [15].

[31]. Sinala o coeficiente que corresponda segundo o seguinte cadro en función do patrimonio consignado na nota (11).

PATRIMONIO PREEXISTENTE - EUROS	I e II	III	IV
De 0 a 402.678,11	1	1,5882	2,0000
De máis de 402.678,11 a 2.007.380,43	1	1,6676	2,1000
De máis de 2.007.380,43 a 4.020.770,98	1	1,7471	2,2000
De máis de 4.020.770,98	1	1,9059	2,4000

[32]. A cota tributaria será o resultado de multiplicar a cota íntegra, recadro [30] polo coeficiente, recadro [31].

[33]. Consignarase o exceso de cota resultante de aplicar o previsto no artigo 22.2º da Lei do imposto: "Cando a diferenza entre a cota tributaria obtida pola aplicación do coeficiente multiplicador que corresponda e a que resultaría de aplicar á mesma cota íntegra o coeficiente multiplicador inmediato anterior sexa maior ca que exista entre o importe do patrimonio preexistente tido en conta para a liquidación e o importe máximo do tramo do patrimonio preexistente que motivaría a aplicación do citado coeficiente multiplicador inferior, aquela reducirase no importe do exceso".

Esta dedución só será de aplicación, se é o caso, cando o coeficiente (recadro [31]) sexa distinto a 1,000.

[34]. Consignarase a diferenza entre o recadro [32] e o recadro [33].

[40]. Consignarase unha dedución do 99 por 100 do importe da cota nas adquisicións, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros de vida, por suxeitos pasivos que pertencen ao grupo I da nota (9).

Consignarase a dedución do 100 por 100 do cota tributaria para os suxeitos pasivos incluídos no grupo II da nota (9), sempre que a base imponible, calculada según o párrafo seguinte, sexa igual ou inferior a 125.000 euros.

Para o cómputo do límite de 125.000 euros, teranse en conta as bases impositivas dos pactos sucesorios realizados. Tamén se computarán as bases impositivas das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que sexan acumulables de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, así como o valor dos usufrutos e outras institucións ás que se refire o artigo 26 da mesma norma, que se teñan en conta para a determinación do tipo medio de gravame aplicable.

[41]. Consignarase a diferenza entre o recadro [34] e, de ser o caso, o recadro [40].

[35]. Cando o contribuínte estea suxeito ao imposto por obriga persoal, poderá deducir a menor das dos cantidades seguintes:

- O importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de imposto similar, que afecte o incremento patrimonial sometido a gravame en España.
- O resultado de aplicar o tipo medio efectivo deste imposto ao incremento patrimonial correspondente a bens que radiquen ou dereitos que poidan ser exercidos fóra de España, se foron sometidos a gravame no estranxeiro por un imposto similar.

[36]. Consignarase as cotas ingresadas anteriormente polo suxeito pasivo por liquidacións previas.

[42]. Consignarase a diferenza entre o recadro [41] e a suma dos recadros [35] e [36].

[37.a]. Consignarase a recarga que corresponda, se é o caso, por declaración extemporánea sen requirimento previo.

[37.b]. Consignarase o xuro de demora que corresponda.

[37]. Consignarase a suma dos recadros [37.a] e [37.b].

[38]. Consignarase o resultado da suma, se é o caso, do recadro [42] e o recadro [37].

[1]. Importe ingresado. Consignarase o importe efectivamente ingresado.

O cadro de aprazamento deberá cubri-lo a Administración.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓN

Cando un obrigado tributario entenda que unha autoliquidación formulada por el prexudicase de calquera modo os seus intereses lexítimos ou desle lugar á realización dun ingreso indevido, poderá, de conformidade co artigo 120 da Lei xeral tributaria, rectificar a autoliquidación e, se é o caso, instar a restitución do indebidamente ingresado de acordo co artigo 221 da mesma lei. As solicitudes de rectificación poderán facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de ter practicada a Administración a liquidación definitiva ou, no seu defecto, de prescribir o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación como, se é o caso, o dereito á devolución do ingreso indevido e tramitaranse de acordo co artigo 126 e seguintes do Real decreto 1065/2007, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos tributos.

ANEXO III

SOBRE PRINCIPAL

Espazo reservado para a etiqueta identificativa

(Se non dispón de etiquetas, faga constar a continuación os seus datos identificativos, así como os do domicilio fiscal)

Causante	NIF	Apelidos e nome	
Domicilio fiscal	Rúa/Praza/Avenida. Nome da vía pública	Número	
	Municipio	Código postal	Provincia

Contén sobres individuais

**IMPOSTO SOBRE
SUCESIÓN
E DOAZÓN**


ADQUISICIÓN "MORTIS CAUSA"



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

Dirección Xeral de Tributos

Delegación da Consellería
de Economía e Facenda de _____Oficina liquidadora de
Distrito hipotecario de _____**NON SE ESQUEZA DE INCLUIR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN**

- 1.º) Modelo D650 por causante, e tantos modelos 650 nos seus sobres individuais como suxeitos pasivos.
- 2.º) Certificado de defunción e do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade.
- 3.º) Testamento, testemuño, acta ou relación de herdeiros.
- 4.º) Pólizas de seguro de vida ou certificado de seguro.
- 5.º) Certificados de saldos bancarios e contas de valores.
- 6.º) Títulos de adquisición de bens polo causante.
- 7.º) Fotocopia do NIF dos suxeitos pasivos e do causante (no seu defecto, o DNI).
- 8.º) Copia do último recibo do pagamento do imposto sobre bens inmobles ou, en defecto do anterior, certificado do xerente do catastro que acredite o valor catastral.
- 9.º) Se rcobre a epígrafe do representante, deberá achegar, no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da devandita representación.

SOBRE INDIVIDUAL

Espazo reservado para a etiqueta identificativa

(Se non dispón de etiquetas, faga constar a continuación os seus datos identificativos, así como os do domicilio fiscal)

Suxeito pasivo _____
NIF _____ Apellidos e nome _____Domicilio fiscal _____
Rúa/Praza/Avenida. Nome da vía pública _____ Número _____

Concello _____ Código postal _____ Provincia _____

Causante	NIF _____	Apellidos e nome _____
Domicilio fiscal	Rúa/Praza/Avenida. Nome da vía pública _____	Número _____
	Concello _____	Código postal _____ Provincia _____

**IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS
E DOAZÓNS.
ADQUISICIÓNS "MORTIS CAUSA"**

XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**
 Dirección Xeral de Tributos

Delegación da Consellería de Economía e Facenda de _____

Oficina liquidadora de Distrito hipotecario de _____

NON SE ESQUEZA DE INCLUIR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

Modelo 650 de autoliquidación, tendo en conta que debe haber tantos sobres individuais como suxeitos pasivos. Se cobre a epígrafe do representante deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da dita representación.

RECORDE QUE:

Ingresado o importe das autoliquidacións, os suxeitos pasivos deberán presentar na oficina xestora, nun sobre único para cada sucesión ("sobre principal"), a documentación complementaria á que se fai referencia nas instrucións, cun exemplar de cada autoliquidación practicada.

Por favor, NON GRAMPE as páxinas da autoliquidación que vaia introducir neste sobre.

ANEXO IV

(1) DELEGACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DE
 OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO DE

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
 Dirección Xeral de Tributos

AUTOLIQUIDACIÓN - DOAZÓN

Modelo

651

EUROS

DEVEN- GO (3) DÍA MES ANO

(2) Espazo reservado para a etiqueta identificativa

Espazo reservado para numeración por código de barras

SUXEITO PASIVO

N.I.F. I.º apelido 2.º apelido Nome (4) Data de nacemento

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con.

Provincia Código postal (5) Grupo (6) Patrimonio preexistente (7) Os bens doados son da sociedade conxugal SI NON

TRANSMI- TENTE (8)

N.I.F. I.º apelido 2.º apelido Nome Código postal

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con. Provincia

REPRESENTAN- TE (9)

Consigne os datos do representante. Se cobre esta epígrafe, deberá achegar, no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da dita representación. Dispón dun modelo na páxina web www.economiaefacenda.org

N.I.F. I.º apelido 2.º apelido Nome Teléfono Código Postal

S.G. Vía pública Número Esc. Andar Porta Concello Cód. con. Provincia

CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Valor real de bens e dereitos	01	Acumulacións de doazóns anteriores	22
Exencións	03	BASE LIQUIDABLE TEÓRICA	13
Cargas deducibles	07	COTA	
Débedas deducibles	08	Ata	
VALOR NETO (01 - 03 - 07 - 08)	11	Resto	%
BASE IMPOÑIBLE (11)	23	Total cota teórica	14
Redución autonómica por adquisición de empresa individual ou participacións	24.a	Tipo medio Efect gravame	14 x 100 / 13 = 15 %
Redución estatal por adquisición de empresa individual ou participacións	24.b	COTA ÍNTEGRA	30
Redución por patrimonio histórico	24.c	Coeficiente	31
Redución por vivenda habitual	24.d	Cota tributaria (30 x 31)	32
Redución por explotacións agrarias	24.e	Deduc. exceso de cota (art. 22.1)	33
Reducións establecidas na Lei 19/1995	24.f	COTA TRIBUTARIA AXUSTADA (32 - 33)	34
Total reducións	24	PARA DEDUCIR	
BASE LIQUIDABLE (23 - 24)	27	Dedución dobre imposición internacional	35
Ata		Dedución cotas anteriores	36
Resto	%	Recarga por declaración extemporánea	37.a
SUMA 30		Xuros de demora	37.b
		Total recarga (37.a + 37.b)	37
		TOTAL PARA INGRESAR (34 - 35 - 36 + 37)	38

O suxeito pasivo ou o seu representante declara, baixo a súa responsabilidade que, xunto co documento orixinal, presentan unha copia simple que coincide en todos os seus termos cos daquel.

de de

SINATURA DO SUXEITO PASIVO OU REPRESENTANTE

INGRESO

Selo: Data: Número: Importe:

XUSTIFICANTE DO INGRESO NO TESOURO aprazamento/fraccionamento

Os contribuintes, nas súas relacións coas administracións tributarias, gozan dos dereitos xerais definidos no artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como dos dereitos definidos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Exemplar para a Administración
 Exemplar para o suxeito pasivo
 Exemplar para a entidade colaboradora



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Dirección Xeral de Tributos

**IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN
E DOAZÓN**

AUTOLIQUIDACIÓN - DOAZÓN

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O
MODELO**

MODELO 651

**(Este impreso deberá utilizarse para feitos impositivos
devengados desde o 1 de setembro de 2008)**



Modelo

651

EUROS

INSTRUCCIÓNESTE IMPRESO DEBERÁ UTILIZARSE PARA FEITOS IMPOÑIBLES
DEVENGADOS DESDE O 1 DE SETEMBRO DE 2008**IMPOSTO SOBRE
SUCESIÓN E
DOAZÓN**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA
Dirección Xeral de Tributos

AUTOLIQUIDACIÓN – DOAZÓN

Este impreso deberá cubrirse a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

A lei e o regulamento a que xenericamente se fai referencia nesta folla de instrucións é a Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns e o Real Decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa autonómica reguladora desde imposto en virtude das competencias atribuídas a esta Comunidade Autónoma pola Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Están suxeitos ao imposto as adquisicións de bens e dereitos por doazón ou calquera outro negocio xurídico inter vivos a título gratuito.

É imprescindible que a autoliquidación se refira á totalidade de bens e dereitos que adquira o donatario do doador.

Unha vez realizado o ingreso, o interesado deberá presentar na oficina xestora, xunto co sobre, orixinal e copia do documento comprensivo ou referido aos feitos impositivos suxeitos ao imposto, así como exemplar “para o sobre” da autoliquidación.

A autoliquidación deberá presentarse en:

- a) Se ten por obxecto exclusivo bens inmóviles, onde estes radiquen. Se todos eles están situados fóra de España, a presentación efectuarase na Delegación Especial da AEAT de Madrid.
- b) Se ten por obxecto bens doutra natureza, onde teña a súa residencia habitual o adquirente. Se este non a tivese en España a presentación efectuarase na Delegación Especial da AEAT de Madrid.
- c) Se nunha mesma escritura concorren distintos bens inmóviles, a autoliquidación presentarase nas oficinas competentes correspondentes a cada un deles, ben que a autoliquidación que, de ser o caso, se formule só se referirá ao rendemento producido no seu respectivo territorio.

A presentación deberá efectuarse no prazo de 30 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que se cause ou celebre o acto ou contrato.

- (1). Consigne a delegación da Consellería de Economía e Facenda ou oficina liquidadora de distrito hipotecario en que se efectúe a presentación.
- (2). Se dispón das etiquetas identificativas subministradas pola Consellería de Economía e Facenda pegue unha no espazo reservado para iso en cada un dos exemplares.

Se non dispón de etiquetas, cubra os datos de identificación do adquirente e xunte á declaración fotocopia da tarxeta acreditativa do N.I.F. ou, no seu defecto, do D.N.I.

- (3). Consigne en expresión numérica a data na que se cause ou celebre o acto ou contrato que orixine a exixibilidade do imposto, utilizando dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro díxitos para o ano (se a cifra ten un só díxito, consigne precedida de cero).
- (4). Consigne a data de nacemento do adquirente.
- (5). Consigne o parentesco do adquirente co transmitente especificando o número do grupo en función do seguinte cadro:

Grupo 1:	descendentes e adoptados, que sexan menores de 21 anos.
Grupo 2:	descendentes e adoptados de 21 ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.
Grupo 3:	colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade.
Grupo 4:	colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños.

- (6). Consigne en cifras a contía do patrimonio preexistente do adquirente valorado na data de realización do feito impositivo do imposto sobre doazóns conforme as normas do imposto sobre o patrimonio e tendo en conta as regras do artigo 22.3º da Lei do imposto. Se non excede de 402.678,11 será suficiente con consignar a expresión “INFERIOR A 402.678,11 euros”.

- (7). Marque o recadro que corresponda segundo os bens doados sexan da sociedade conxugal ou non.

- (8). Consigne os datos do transmitente.

- (9). Consigne os datos do representante.

- [01] Consigne o valor real dos bens e dereitos adquiridos por transmisión lucrativa inter vivos, suxeita ao imposto sobre doazóns. As doazóns con causa onerosa e as remuneratorias tributarán polo seu importe total; non obstante, se establecesen recíprocas prestacións ou se impuxese algún gravame ao donatario, tributarán como doazón soamente pola diferenza.

No ámbito do artigo 90 da Lei 58/2003, do 17 de decembre, xeral tributaria, e se vostede desexa coñecer cal é o valor real dos bens inmóviles obxecto de transmisión pode consultar na oficina xestora que lle corresponda o devandito valor ou na páxina web da Consellería de Economía e Facenda www.economiaefacenda.org

Na doazón polos dous cónxuxes de bens ou dereitos comúns da sociedade conxugal, entenderase para os efectos fiscais que existe unha única doazón.

- [03] Consigne as exencións aplicables.

- [07] Consignarase unicamente as cargas ou gravames que aparezan directamente establecidos sobre os bens e diminúan realmente o seu capital ou valor, como os censos e as pensións. (Artigos 16 da Lei e 36.1 do regulamento do imposto).

- [08] Consignarase só as débedas que estivesen garantidas con dereitos reais que recaian sobre os mesmos bens transmitidos, se o adquirente asumiu de forma que “faga fe” a obriga de pagar a débeda garantida con liberación do primitivo debedor.

- [11] Consigne a diferenza entre o recadro [01] e a suma dos recadros a [03], [07] e [08].

Nos recadros reservados para a adquisición da núa propiedade, extinción do usufructo e acumulacións, procederase do seguinte xeito:

1. Cando se adquira a núa propiedade, o adquirente consignará no recadro [13] o valor integro dos bens, é dicir, o valor total dos bens sen ter en conta a porcentaxe que corresponda á núa propiedade.
2. Cando se extinga o usufructo e se consolidase o dominio no primeiro nu propietario non se consignará ningunha cantidade nos recadros [13] e [14] unicamente se consignará no recadro [15] o tipo medio efectivo de gravame que resultou na adquisición da núa propiedade.
3. Cando existan bens e dereitos que deban acumularse de acordo co establecido no artigo 30.1 da Lei do imposto, o adquirente consignará no recadro [13] o valor total dos bens actualmente transmitidos máis o valor total dos bens que se acumulan. Os bens e dereitos que se acumulan computaranse polo valor comprobado no seu día, aínda que variase no momento da acumulación.
4. Cando concorran nunha mesma doazón, adquisición de núa propiedade e acumulacións, o valor total dos bens virá determinado polo disposto nos puntos 1 e 3 anteriores.

A esta base liquidable teórica aplicaráselle a tarifa e a cota resultante consignarase no recadro [14]. A continuación calcularase o tipo medio efectivo de gravame e consignarase este con inclusión ata de dous decimais no recadro [15].

- [22] Consignarase as doazóns efectuadas ao adquirente polo mesmo doador ou transmitente, no prazo dos tres anos anteriores.

- [23] Consigne o resultado do recadro [11].

- [24] Consignarase a suma das seguintes reducións:

[24a] – Redución do 99% do valor que na base impositiva teña unha empresa individual, un negocio profesional ou de participacións en entidades, sempre e cando concorran as condicións seguintes:

- a) Que o doador teña sesenta e cinco anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se o doador vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións desde o momento da transmisión.
Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.
- c) Que o centro principal de xestión da empresa ou negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo do imposto.
- d) Que á data do devengo do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no punto 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:
Con carácter xeral, do 50% como mínimo, xa sexa de forma individual o conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.
Do 5% computado de forma individual, ou do 20% conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo ao disposto no artigo 108 do Real Decreto Legislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades.
No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no apartado 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución.
- e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive do doador.
- f) Que o adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto de acordo co establecido nos apartados anteriores deste artigo, agás que dentro do mencionado prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de Dereito Civil de Galicia.
- g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.
- 24b** – Redución do 95% do valor que na base imponible teña unha empresa individual, negocio profesional ou participacións en entidades, ás que sexa de aplicación a exención regulada no apartado 8.º do artigo cuarto da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, sempre que tal adquisición corresponda aos cónxuxes, descendentes ou adoptados do doador e concorran as seguintes condicións:
- a) Que o doador teña sesenta e cinco anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se o doador viñera exercendo funcións de dirección, deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións desde o momento da transmisión.
Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.
- c) O donatario debe manter o adquirido e ter dereito á exención no Imposto sobre o Patrimonio durante os dez anos seguintes á data da escritura de doazón, agás que falecera dentro dese prazo.
O donatario non poderá realizar actos de disposición e operacións societarias que, directa o indirectamente, poidan dar lugar a unha minoración substancial do valor da adquisición.
- 24c** – Redución do 95% do valor que na base imponible teñan os bens comprendidos nos apartados un, dos e tres do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, integrantes do patrimonio histórico español ou do patrimonio histórico ou cultural das comunidades autónomas, sempre que os adquirentes sexan cónxuxe, descendentes ou adoptados e concorran as condicións seguintes:
- a) Que o doador teña sesenta e cinco ou máis anos ou se atope en situación de incapacidade permanente, en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) O donatario debe manter o adquirido e ter dereito á exención no imposto sobre o patrimonio durante os dez anos seguintes á data da escritura de doazón, agás que falecese dentro deste prazo.
- 24d** – Redución do 95% da base imponible do imposto nas doazóns a fillos e descendentes, de diñeiro destinado á adquisición da súa vivenda habitual, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
- a) O donatario deber ser menor de trinta e cinco anos, ou muller vítima de violencia de xénero. No primeiro caso debe tratarse da adquisición da súa primeira vivenda habitual. No segundo caso, non debe ser titular doutra vivenda.
- b) O importe da doazón non poderá superar os 60.000 euros. Este límite é único e aplícase tanto en caso dunha soa doazón como en caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor do mesmo donatario, proveñan dun ou de distintos ascendentes. No caso de que o importe da doazón ou doazóns supere esta cantidade, non haberá dereito a ningunha redución.
- c) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF do donatario, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estea concluído na data do devengo da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 euros.
- d) A doazón debe formalizarse en escritura pública en que se exprese a vontade de que o diñeiro doado se destine á adquisición da vivenda habitual do donatario. No caso dos menores de 35 anos deberá constar tamén que se trate da súa primeira vivenda habitual. Esta declaración de vontade haberá de ser simultánea á doazón.
- e) O donatario deberá de adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. En caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempre que se acredite que o importe de diñeiro doado se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito, co prazo, límites e requisitos establecidos nas alíneas anteriores, agás no xeito de computar o prazo de 6 meses, que se fará para cada doazón.
- f) Considerarase vivenda habitual a que se axuste á definición e aos requisitos establecidos pola normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo no disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 24e** – Redución do 99% do valor que na base imponible teña unha explotación agraria situada en Galicia ou dereitos de usufruto sobre esta, sempre e cando concorran as condicións seguintes:
- a) Que o doador teña sesenta e cinco ou máis anos ou se atopase en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta o grande invalidez.
- b) Que na data do devengo o doador teña a condición de agricultor profesional e perda tal condición a consecuencia da doazón.
- c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive do doador.
- d) Que o adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria e a súa condición de agricultor profesional durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, agás que dentro do mencionado prazo faleza o adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- e) Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.

24.f) Reducións derivadas dos beneficios fiscais establecidos na Lei 19/1995, de modernización de explotacións agrarias ou calquera outra que se estableza.

As reducións previstas nas alíneas a), b), e) e f) anteriores serán incompatibles para unha mesma adquisición e entre si, polo que o contribuínte deberá optar por unhas ou outras.

No caso de non se cumprir os requisitos a que se refire cada unha das reducións, deberá pagarse a parte do imposto que se deixara de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de demora.

27) Consigne o resultado da diferenza entre o recadro **23)** e o recadro **24)**.

30) Non caso de que non se adquira a núa propiedade, non se extinga o usufruto ou non procedan acumulacións, aplique a tarifa correspondente que figura nos cadros seguintes tendo en conta o grupo en que estea incluído o suxeito pasivo, e consigne o resultado da suma das cantidades obtidas:

- a) Sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos I e II do artigo I da Lei 29/1987 e a doazón se formalice en escritura pública, aplicarase a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE — Ata euros	COTA ÍNTEGRA — Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE Ata euros	TIPO APLICABLE — Porcentaxe
0,00	0,00	200.000	5%
200.000	10.000	400.000	7%
600.000	38.000	En adelante	9%

- b) No caso de non se cumprir os requisitos establecidos na letra a) será aplicable a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE — Ata euros	COTA ÍNTEGRA — Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE Ata euros	TIPO APLICABLE — Porcentaxe
0,00	0,00	7.993,46	7,65%
7.993,46	611,50	7.987,45	8,50%
15.980,91	1.290,43	7.987,45	9,35%
23.968,36	2.037,26	7.987,45	10,20%
31.955,81	2.851,98	7.987,45	11,05%
39.943,26	3.734,59	7.987,46	11,90%
47.930,72	4.685,10	7.987,45	12,75%
55.918,17	5.703,50	7.987,45	13,60%
63.905,62	6.789,79	7.987,45	14,45%
71.893,07	7.943,98	7.987,45	15,30%
79.880,52	9.166,06	39.877,15	16,15%
119.757,67	15.606,22	38.877,16	18,70%
159.634,83	23.063,25	79.754,30	21,25%
239.389,13	40.011,04	159.388,41	25,50%
398.777,54	80.655,08	398.777,54	29,75%
797.555,08	199.291,40	en adelante	34,00%

No caso de que se adquira a núa propiedade, se extinga o usufruto, ou procedan acumulacións, consignarase neste recadro o resultado de multiplicar o importe que figura no recadro **27)** pola porcentaxe que resulte no recadro **15)**.

31) Sinale o coeficiente que corresponda segundo o seguinte cadro, en función do patrimonio consignado na nota (6).

Patrimonio preexistente — Euros	Grupos da nota (9)		
	I e II	III	IV
De 0 a 402.678,11	1,0000	1,5882	2,0000
De 402.678,11 a 2.007.380,43	1,0000	1,6676	2,1000
De 2.007.380,43 a 4.020.770,98	1,0000	1,7471	2,2000
De máis de 4.020.770,98	1,0000	1,9059	2,4000

32) A cota tributaria será o resultado de multiplicar a cota íntegra, recadro **30)**, polo coeficiente, recadro **31)**. Cando o donatario de bens comúns da sociedade conxugal polo seu parentesco con cada un dos cónxuxes doadores, estea incluído en máis dun grupo dos citados na nota (5), a cota tributaria obterase sumando as cantidades que resulten de aplicar á parte da cota íntegra que corresponda ao valor doado por cada cónxuxe o respectivo coeficiente multiplicador.

33) Consignarase o exceso de cota resultante de aplicar o previsto no artigo 22.2º da Lei do imposto. Esta dedución só será de aplicación, se é o caso, cando o coeficiente (recadro **31)**) sexa distinto a 1,0000.

34) Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro **32)** e o recadro **33)**.

35) Cando o contribuínte estea suxeito ao imposto por obriga persoal, poderá deducir a menor das dúas cantidades seguintes:

- a) O importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de imposto similar, que afecte ao incremento patrimonial sometido a gravame en España.
- b) O resultado de aplicar o tipo medio efectivo deste imposto ao incremento patrimonial correspondente a bens que radiquen ou dereitos que poidan ser exercidos fóra de España, cando fosen sometidos a gravame no estranxeiro por un imposto similar.

36) Consignarase as cotas ingresadas anteriormente polo suxeito pasivo por liquidacións previas nos supostos de liquidacións complementarias.

37.a) Consignarase a recarga que corresponda, se é o caso, por declaración extemporánea sen requirimento previo.

37.b) Consignarase o xuro de demora que corresponda.

37) Consignarase a suma dos recadros **37.a)** e **37.b)**.

38) Consignarase o resultado da diferenza entre a suma dos recadros **34)** e **37)** e a suma dos recadros **35)** e **36)**.

O cadro de aprazamento deberá cubri-lo a Administración.

ADQUIRENTE

Espazo reservado para etiqueta identificativa
(No caso de que non dispoña de etiqueta, cubrir os datos solicitados)

N.I.F. APELIDOS E NOME

DOMICILIO FISCAL RUA OU PRAZA NÚMERO

CONCELLO CÓDIGO POSTAL PROVINCIA



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E FACENDA**
 Dirección Xeral de Tributos

MODELO 651 €

**IMPOSTO SOBRE
 SUCESIÓNS E DOAZÓNS**

**AUTOLIQUIDACIÓN
 DOAZÓNS**

SOBRE PRINCIPAL

Achéganse _____ sobres adicionais (I).

DELEGACIÓN DA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

--	--	--	--	--

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO

--	--	--	--	--

NON SE ESQUEZA DE INCLUIR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- 1) Copia do documento que conteña o feito imponible.
- 2) Fotocopia do NIF dos suxeitos pasivos e do doador (no seu defecto o D.N.I.).
- 3) Modelo 651.
- 4) No caso de que existan bens inmoables, copia do último recibo do pagamento do imposto sobre bens inmoables, ou en defecto do anterior, certificado do xerente do Catastro que acredite o valor catastral.
- 5) Se cobre a epígrafe do representante, deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da dita representación.